

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 16 Setembro 2013 16:30



O concelleiro de urbanismo e man dereita do alcalde de Nigrán, Ignacio Vilas, renuncia por escrito a todos os seus cargos.

O rexedor municipal cesou hoxe do seu cargo ao concelleiro de Urbanismo e Tenente de Alcalde, ao que acusa de "tránsfuga".

O xa ex-tenente de alcalde e ex-concelleiro de Urbanismo e medioambiente, Ignacio Vilas, manifestou nestes días que as súas explicacións e motivos os daría no próximo pleno municipal.

Confírmase a escisión no goberno municipal de Nigrán, onde o seu tenente de alcalde e concelleiro de urbanismo presentou de oficio a renuncia a todos os seus cargos dentro do equipo de goberno, así como a baixa na militancia do Partido Popular. Valverde anunciou o seu "cese de forma inmediata".

Nun comunicado, Valverde lamenta que o até agora concelleiro popular non entendese a reestruturación interna do equipo de goberno. Manifesta que expuxo aos seus oito concelleiros unha reestruturación interna mediante a que se traspasaba a tenencia de alcaldía ao número 3, o edil de Economía e Facenda, Alberto García, e mantiña a Ignacio Vilas todas as súas funcións na concelleira de Urbanismo.

O alcalde manifesta que estes cambios responden a "Un replanteamiento interno dirigido a mejorar el equipo de gobierno que fue compartido por el resto de miembros del equipo de gobierno, pero no por Vilas" pese a que fai uns días sinalaba dun xeito unha compensación aos concelleiros "máis implicados" co goberno; deste xeito o xornal Atlántico Diario recollía o pasado 11 de setembro as declaracións do rexedor *"Después de cumplir algo más de dos años*

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 16 Setembro 2013 16:30

de mandato replanteamos una variación en la estructura interna del gobierno en función de la trayectoria, implicación y reparto de responsabilidades de sus integrantes”,

Valverde califica a Vilas como un "tránsfuga"

No comunicado, Valverde lamenta tanto a decisión tomada por Vilas como o seu proceder- *"No solo no ha entendido la restructuración planteada, sino que no ha sido capaz de notificar personalmente su decisión, ya que no ha respondido a ninguna de las llamadas que mis compañeros y yo hemos realizado.*

Ha preferido convertirse en un tránsfuga que dar la cara a sus compañeros, y al municipio

”

, conclúe.

O posto de Tenente de Alcalde será ocupado polo número 3 do equipo de goberno, o edil de Economía, Facenda e Contratación, Alberto García Pazos. As competencias de Urbanismo e Medioambiente de Ignacio Vilas serán asumidas polo alcalde de Nigrán.

A baixa do concelleiro apenas suporá un aforro para as arcas municipais.

O cese de Ignacio Vilas non suporá un aforro moi grande no gasto en soldos da corporación xa que pese a ostentar o cargo de tenente de alcalde e a concellería de urbanismo, o concelleiro percibía un montante de 16.000 euros /brutos anuais, o mesmo importe que recibe a concelleira de Sanidade e Servicios Sociais.

Pola contra os soldos máis caros da corporación corresponden ao propio alcalde, Alberto Valverde, cun soldo de 45.000 euros / ano, Liliana Silva (Turismo, Cultura e Deportes) con 32.000 euros / anos e a Jose Álvarez (Vías e obras) co outros 32.000 euros anuais.

Unha vez liberada a media dedicación de Vilas, descoñécese o importe que pasará a cobrar o actual concelleiro de Facenda e próximo tenente de Alcalde.